

## NOTA / NOTE

*Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae):  
novas citas para Galicia (NO Iberia)

Fede García

Rúa Blesa, 45, 5º 3º. E-08004 Barcelona. e-mail: chousas2@gmail.com

**Resumo:** Preséntanse nove novas localidades galegas para a formiga *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae), nas provincias de Lugo e Ourense (Galicia, NO Iberia). A especie está máis estendida na metade meridional da comunidade autónoma do que do que as escasas citas anteriores puideran suxerir.

**Palabras chave:** Hymenoptera, Formicidae, *Cataglyphis iberica*, distribución, Galicia, NO Iberia.

**Abstract:** *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae): new records for Galicia (NW Iberia). Nine new Galician localities for the ant *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae) are presented, in the provinces of Lugo and Ourense (Galicia, NW Iberia). The species is more widespread in the southern half of the autonomous community than the few previous citations might suggest.

**Key words:** Hymenoptera, Formicidae, *Cataglyphis iberica*, distribution, Galicia, NW Iberia.

**Recibido:** 2 de noviembre de 2022

**Aceptado:** 4 de noviembre de 2022

**Publicado on-line:** 6 de noviembre de 2022

## Introdución

Posiblemente *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae) sexa unha das formigas ibéricas con máis estudos sobre a súa bioloxía. Pódese localizar en hábitats abertos e, nas áreas aparentemente non axeitadas, pode vivir aproveitando as pistas e camiños agrícolas ou forestais. A súa maneira de moverse é moi característica, facéndoo rapidamente, coas patas estiradas e o gastro elevado.

É moi termófila, de actividade diúrna, especialmente nas horas máis calorosas do día, precisando temperaturas do solo de máis de 30°C para a súa máxima actividade, e pechando a entrada do niño pola noite (Cerdá & Retana, 1989). O forraxeo é solitario, cunha alimentación baseada en cadáveres de diversos artrópodos, incluíndo formigas, sen que se teña observado predación de insectos vivos (Cerdá, 1988).

O niño está escavado no solo e ten unha soa abertura, situada nun área sen vexetación. Ás veces fórmase un pequeno cráter de material escavado arredor da entrada (Plaza & Tinaut, 1989). Trátase dunha especie policálica, coa colonia distribuída en diversos niños próximos e con transporte social de obreiras entre eles para homoxeneizar o olor da colonia (Cerdá *et al.*, 1994). Tense contado unha poboación dos niños de entre 256 e 1369 de obreiras (Plaza & Tinaut, 1989).

O voo nupcial prodúcese a finais de primavera e inicios do verán, coas raíñas afastándose voando do niño despois do apareamento. Aínda que é común atopalas soas polo campo, Cerdá & Retana (1991) non chegan a unha conclusión clara sobre se a fundación na especie é independente ou non.

Pertence ao grupo albicans, segundo a división en grupos de especies de Agosti (1990). Ese mesmo autor caracteriza o grupo por manter o gastro elevado en movemento, por un pecíolo nodiforme

co perfil anterior recto e atopándose co posterior en ángulo (Fig. 1), e polos palpos maxilares co cuarto segmento da mesma lonxitude ou menor que o quinto e sexto xuntos (Fig. 2).

De *Cataglyphis rosenhaueri* Santschi, 1925, que pertence ó mesmo grupo de especies, *C. iberica* diferénciase por ser monocolora, con mesosoma e cabeza escuros (Fig. 3), mentres que *C. rosenhaueri* ten cabeza e mesosoma vermellos (De Haro & Collingwood, 2003).

*Cataglyphis gadeai* De Haro & Collingwood, 2003 e *Cataglyphis douwesi* De Haro & Collingwood, 2000 son as especies restantes do grupo *albicans* en Iberia, e monocolors. Ámbalas dúas teñen distribucións restrinxidas ao sueste e extremo sur da Península, respectivamente, e foron descritas principalmente grazas á diferente morfoloxía da xenitalia masculina, mentres que a casta obreira é moi similar á de *C. iberica* (De Haro & Collingwood, 2000, 2003).

Porén, convén ter en conta o estudo molecular de Villalta *et al.* (2018), no que *C. iberica* semella poderse dividir en dous clados, sen que describisen como especie ningún deles. As poboacións galegas poden ser adscritas ao seu clado *C* a partir dos datos moleculares deses mesmos autores, xa que inclúen material de Galicia e ademais os límites xeográficos con outras formas quedan lonxe, e a datos biométricos (F. García, datos inéditos).

A especie ten unha ampla distribución pola parte mediterránea da Península Ibérica, da que é endémica. No Mapa 1 móstranse as citas bibliográficas da base de datos de antmaps.org (Janicki *et al.*, 2016). Súmanse as citas de *C. iberica* e as antigas de *Cataglyphis albicans* (Roger, 1859), nome co se denominaban parte das mostras da especie antes da clarificación da situación taxonómica do grupo na Península por Tinaut & Plaza (1989). Ademais, algunhas das citas do sur andaluz e do sueste poderían corresponder ás especies xemelgas *C. douwesi* ou *C. gadeai*. A aparente ausencia de rexistros en grande parte da Meseta Norte débese a unha falta de publicacións sobre a área, xa que alí é abundosa (F. García e A.D. Cuesta-Segura, datos inéditos).

En Galicia só existen dúas citas bibliográficas para a provincia de Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969; Villalta *et al.*, 2018), e o rexistro de Parada de Sil (Ourense) procedente da base de datos de Gómez (2022).

## Material estudado

Preséntanse as seguintes novas localidades para Galicia, que inclúen as primeiras para a provincia de Lugo. As mostras foron capturadas mediante busca directa das formigas activas. En todas as localidades, a cobertura da vexetación non era moi grande, habendo grandes partes do solo nu.

### LUGO:

- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 6-VII-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O, camiño entre prados.
- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 560 m, 42°41'55"N 7°27'43"O, queirogal con xestas, beira de estrada.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'53"N 7°39'36"O, pendente rochosa con queirugas.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O, queirogal.
- Vilar da Cuíña, A Fonsagrada: 1-X-2008, 465 m, 43°04'21"N 6°57'31"O, queirogal. Aínda que esta localidade pareza estraña, moi setentrional para a especie, o lugar estaba orientado cara ao sur, con pouca vexetación e con outras formigas termófilas presentes no arredores, como *Camponotus piceus* (Leach, 1825), *Camponotus cruentatus* (Latreille, 1802) ou *Pheidole pallidula* (Nylander, 1849).


### OURENSE:

- A Mezquita: 1-VII-2009, 1000 m, 42°1'N 7°1'O, camiño entre prados.
- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, prado con vexetación espallada e xesteiras.

- Miradoiro de Matacás, Castro Caldelas: 19-VI-2020, 500 m, 42°24'28"N 7°26'10"O, camiño entre queirogais e piñeiros.



## Bibliografía

- Agosti, D. 1990. Review and reclassification of *Cataglyphis* (Hymenoptera, Formicidae). *Journal of Natural History*, **24**(6): 1457-1505.
- Cerdá, X. 1988. Food collection by *Cataglyphis iberica* (Em.) (Hymenoptera, Formicidae). *Annales Zoologici*, **41**(18): 515-525.
- Cerdá, X.; Retana, J. 1989. Influencia de los factores ambientales sobre la actividad diaria de recolección de la hormiga *Cataglyphis iberica* (Em.) (Hym.: Formicidae). *Anales de Biología*, **15** (Biología Animal, 4): 75-82.
- Cerdá, X.; Retana, J. 1991. Sobre la fundación de la sociedad en la hormiga *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) (Hymenoptera, Formicidae). *Orsis*, **6**: 127-139.
- Cerdá, X.; Retana, J.; de Haro, A. 1994. Social carrying between polycalic colonies of the monogynous ant *Cataglyphis iberica* (Hymenoptera: Formicidae). *Sociobiology*, **XXX**: 215-231.
- Collingwood, C.A.; Yarrow, I.H.H. 1969. A survey of Iberian Formicidae. *Eos, Revista española de Entomología*, **44**: 53-101.
- De Haro, A.; Collingwood, C.A. 2000. *Cataglyphis douwesi* sp. nov. del grupo *albicans* de color negro de Cádiz, en la costa suratlántica de la Península Ibérica (Hymenoptera, Formicidae). *Orsis*, **15**: 57-67.
- De Haro, A.; Collingwood, C.A. 2003. *Cataglyphis gadeai* sp. nov. (Hym. Formicidae), del grupo *albicans* de color negro del Cabo de Gata (Almería), SE de España. *Orsis*, **18**: 19-27.
- Gómez, K. 2022. Specimen: KG00706 *Cataglyphis iberica*. Recurso disponible online en: <https://www.antweb.org/specimen.do?code=kg00706> [Acceso o 16-V-2022].
- Janicki, J.; Narula, N.; Ziegler, M.; Guénard, B.; Economo, E.P. 2016. Visualizing and interacting with large-volume biodiversity data using client-server web-mapping applications: The design and implementation of antmaps.org. *Ecological Informatics*, **32**: 185-193.
- Plaza, J.; Tinaut, A. 1989. Descripción de los hormigueros de *Cataglyphis rosenhaueri* (Emery, 1906) y *Cataglyphis iberica* (Emery, 1906) en diferentes biotopos de la provincia de Granada (Hym. Formicidae). *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **13**: 109-116.
- Tinaut, A.; Plaza, J.L. 1989. Situación taxonómica del género *Cataglyphis* Förster, 1850 en la Península Ibérica. I. Las especies del subgénero *Cataglyphis* Förster (Hym. Formicidae). *Eos, Revista española de Entomología*, **65**(1): 189-199.
- Villalta, I.; Amor, F.; Galarza, J.A.; Dupont, S.; Ortega, P.; Hefetz, A.; Dahbi, A.; Cerdá, X.; Boulay, R. 2018. Origin and distribution of desert ants across the Gibraltar Straits. *Molecular Phylogenetics and Evolution*, **118**: 122-134.



**Figs. 1-3.-** Obreira de *Cataglyphis iberica* (Matacás, Castro Caldelas, Ourense).

- 1.- Pecíolo en vista lateral. Escala: 0,5 mm.
- 2.- Palpo maxilar. Escala: 0,5 mm.
- 3.- Cabeza en vista frontal. Escala: 1 mm.



**Mapa 1.-** Citas de *Cataglyphis iberica* na Península Ibérica.

Círculos amarelos: citas bibliográficas.

Cadrados vermellos: Citas novas.